

MonteMar

No curso 2019-2020 o tema do PDI promovido desde a Biblioteca Escolar Brea Segade foi O MAR. Debido á situación vivida desde marzo de 2020, o PDI non chegou a desenvolverse por completo. Este curso queremos retomar o traballo en torno ao mar e incorporar outra das grandes riquezas do noso municipio, o monte. Mar e monte serán os fíos condutores do traballo documental, as actividades de animación á lectura e as actividades de formación de usuarios/as que se leven a cabo no colexio ao longo do curso. O tema de traballo do PDI pretende afondar no compromiso do noso centro co medioambiente e a necesidade de reflexionar sobre a relación dos seres humanos coa natureza e as consecuencias dos comportamentos irresponsables.

QUE É UN PDI?

Proxecto Documental Integrado: Traballos de investigación cos que o alumnado afonda nun tema concreto ao tempo que descubre e pon en práctica estratexias de busca de información e traballo documental, usando os recursos ofertados pola biblioteca escolar.

Un PDI é un Proxecto porque persegue un fin. Temos un plan para aprender algo sobre un determinado tema no que, procuraremos que se reúnan varias materias. Esa aprendizaxe é significativa, o alumnado participa activamente, é o protagonista do proceso.

Un PDI é Documental porque ten tres fases:

1. Recollida de información (documentación)
2. Tratamento da información recollida (análise e reflexión)
3. Producción (produto, obra final)

Un PDI é Integrado porque implican coñecementos e contidos de diversas áreas de coñecemento, así como o uso de materiais diversos, de ficción, de non ficción, escritos, audiovisuais, orais... Poñemos o acento nos procedementos pero tendo moi presentes os contidos. O alumnado pasa a ser o centro do traballo e o mestre/a un guía que ofrece modelos, conduce e reconduce. Cos proxectos documentais integrados, o alumnado deixa de ser mero consumidor de información a ser produtor da mesma. O profesorado, dependendo das idades e maduración do alumnado, poderá propoñer proxectos de diferente dificultade, tanto desde o punto de vista das fontes utilizadas (unha, dúas..., todas no mesmo soporte, de soportes variados...) coma dos produtos elaborados (un único produto, todos o mesmo, diversos...).

Desde a BBS propoñemos:

1. Usar **o noso medio natural, monte e mar**, como temática que nos permita investigar, reelaborar información e crear producións propias en diferentes formatos: contos, textos informativos, dramatizacións, murais, xogos de rol, programas de radio, montaxes audiovisuais...

2. Estratexias de traballo:

- Proxectos levados a cabo desde as titorías
- Obradoiros en grupos de convivencia (venres despois do recreo)
- Conmemoracións do *Calendario do Libro da Lectura*
- Celebracións a abordar desde o PDI

3. Temáticas a traballar desde as aulas

- No **1º trimestre** introduciremos o tema e centrarémonos na descuberta dos ecosistemas mariño, de río, de bosque autóctono (mareas, fondo mariño, bosque de ribeira, flora, fauna, diversidade, problemáticas derivadas do uso que o ser humano fai do medio, problemáticas derivadas do cambio climático...)

- No **2º trimestre** afondaremos no mar e monte como sectores produtivos e nos traballos relacionados co medio natural desenvolvidos na nosa comarca.

- No **3º trimestre** orientaremos os nosos proxectos á concienciación e divulgación da riqueza do medio natural: publicidade, folletos informativos, cartelería...

Na última semana de cada trimestre, ou cando cada titoría ou especialista considere, farase unha posta en común virtual dos proxectos (vídeo, presentación, programa de radio, podcast...)

4. **Calendario do Libro e da lectura**

- Outubro: *Mes da Biblioteca Escolar*
- Novembro: *Mes da Ciencia en galego*
- Febreiro-Marzo: Día de Rosalía, Mes da Poesía
- Abril, *mes dos libros*
- Maio: *Letras galegas **

5. **Celebracións**

- Día escolar pola Paz
- Día da Muller

En colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística